

INDICADORES DE DESENVOLVEMENTO (3-4 anos)

DESENVOLVEMENTO MOTOR E PERCEPTIVO

Esquema corporal e percepción de si mesmo

3 - 4 anos . En canto o ton muscular

O neno, síntese seguro sobre os seus pés e sabe que ten o control sobre a súa marcha.

Ten control sobre a postura do tronco e é capaz de manterse sentado durante longos períodos de tempo.

Adquire forza nos brazos e mans e gústalle demostralo.

Mellora as manipulacións, adoitando certas destrezas que antes non tiña. Domina a pinza de índice e polgar e é capaz de manexar obxectos máis pequenos con certa soltura.

Síntese autónomo nos desprazamentos e comeza a darse conta das súas posibilidades manipulativas.

3 - 4 anos. Capacidade de relaxación e tensión muscular

Cunha orde é capaz de parar unha actividade motriz suave e reiniciala cando se lle pide.

Comeza a xogar con situacións de equilibrio estático, cun maior axuste corporal.

O debuxo espontáneo mostra unha maior capacidade de inhibición e delimitación do movemento

Pode relaxar determinados músculos dos brazos e pernas, descansar ou relaxar a súa actividade por uns segundos e a unha orde.

Comeza a percibir a súas posibilidades de actuación voluntaria, aínda que as veces mostrase demasiado temerario. Percibe así as súas propias limitacións e pode adaptar a súa postura ou a súa actividade.

3 - 4 anos. Actitude

Está moi disposto para a actividade motora grossa e neste sentido, evoluciona rapidamente.

Pode manterse sentado de maneira axeitada e entreterse con xogos sedentarios durante máis tempo, pero prefire a acción.

Gústalle os xogos manipulativos como demostración da súa maior precisión e destreza manipulativa, aínda que acompaña a esta con acción global . Baixa e sobe da cadeira, sentase e deitase no chan.

Integra as posibilidades motrices das principais partes do corpo: cabeza (ollos, nariz, boca, lingua, orellas, pelo), tronco (tripa e cu), extremidades (mans, pes, brazos, pernas).

3 - 4 anos Respiración.

O neno comeza a ser máis consciente da súa propia respiración e pode realizar exercicios de control dos grupos musculares do estómago .

Iniciase o control do sopro respiratorio.

Aínda non pode exercer un control total da respiración ao non ter integrado o seu esquema corporal.

Pode comprobar cómo a tripa se incha ou se desincha e comeza a controlar o dito movemento. Pouco a pouco vaino relacionando coa entrada e saída do aire o respirar, explicándollo.

E importante que o neno aprenda a controlar a súa respiración pola influencia que iso ten, non só na hora de facer exercicio senón sobre todo porque é fundamental para o mantemento da atención, e da liberación do estres, a relaxación....

O neno pode interpretar os conceptos de “entrar” e “saír” aire polo nariz ou pola boca .

Tamén o estado de relaxación unha vez que descansou e controlou o ritmo respiratorio

Condutas Neuroperceptivas motoras e Percepción do entorno

3 - 4 anos. Lateralidade

Ata os tres anos, a lateralidade do neno non ten unha diferenciación clara e xeralmente poden empregar ambas mans ou pés sen ofrecer unha tendencia lateral clara.

Sobre os tres anos , comeza a fase de definición ou de alternancia, principalmente por contraste de rendementos , e dicir, o neno de xeito espontáneo, emprega unha man máis que a outra, porque se sente máis cómodo e seguro.

Neuroloxicamente non existe polo momento unha lateralidade definida do ollo ou do pé, aínda que pode haber xa unha tendencia lateral de ambos.

| |
|---|
| O neno interpreta o concepto “deste lado “ou “ ese lado” e responde por imitación. |
| 3 - 4 anos. Espazo. |
| O neno de tres anos coñece o espazo soamente a través do seu propio movemento. O resto do espazo non existe. |
| Sérvese do seu propio corpo para coñecer as relacións espaciais: diante, detrás, cerca, lonxe... |
| Pode discriminar a extensión de distintas liñas: larga e curta... |
| Pode anicarse e levantarse sen axuda, camiñar sobre un banco... |
| Descubre a noción de profundidade, recoñece os conceptos de arriba e abaixo; enriba e debaixo, alto e baixo... |
| 3 - 4 anos. Tempo |
| Aínda non relaciona dun xeito claro a súa actividade co tempo e por tanto a súa comprensión deste concepto é precaria. |
| Unicamente se podería falar de certa capacidade, aínda pouco desenvolta, de seguir ritmos sinxelos . Esta habilidade soe mellorar coa experiencia. |
| Recoñece o momento actual ou o inmediatamente anterior e posterior, pero os conceptos de tempo e a capacidade para establecer secuencias temporais, aínda tardarán un tempo en chegar. |
| 3 - 4 anos. Estruturação espazo - temporal |
| O desenvolvemento de espazo-temporalidade corresponde co da imaxe do corpo e as representacións mentais, o neno emprega o movemento, a experimentación e sobre todo a observación das consecuencias dos movementos no espazo. |

Aspectos motrices

| |
|--|
| 3 - 4 anos. Locomoción |
| Está cerca de conseguir o dominio de poñerse por completo na posición erguida. |
| Mellora a súa coordinación en xeral, aínda que lle costa cambiar e dirixirse cara unha dirección con seguridade cando se lle pide. |
| Aumenta a forza muscular e xa pedalea en triciclo. |
| Maior axuste postural que lle permite avanzar no seu equilibrio estático e dinámico, é capaz de saltar cos dous pés xuntos dende unha altura de 30cms. |

| |
|---|
| Sobe chanzos sen axuda e alternando os pés. Cústalle máis baixar e soe facelo sen alternancia. |
| A súa carreira é máis suave e aínda lle costa un pouco aumentar e diminuír a velocidade. |
| Dá voltas sobre si mesmo aínda bastante abertas. |
| Comeza a dominar as freadas bruscas. |
| Aínda tropeza e cae con facilidade porque quere facer cousas para as que aínda non está preparado como: correr máis apresa. Vai coñecendo a súas posibilidades de locomoción e adecuándose a elas. |
| 3 - 4 anos. Manipulación |
| Mellora a coordinación ollo - man e a habilidade visual, o que favorece a adquisición de novas manipulacións. |
| Pode rachar un papel. |
| Pode unir catro contas nun colar. |
| É capaz de realizar encaixables de formas sinxelas e definidas. |
| Solta e abrocha os botóns nas prendas brandas. |
| Pode dobrar un papel ao longo e ao ancho, pero non en diagonal. |
| Aumenta a súa forza muscular nos brazos, mans e dedos e é capaz de moldear plastilina . |
| Comeza a dominar os obxectos a través das primeiras experimentacións e manipulacións. |
| 3 - 4 anos. Representación gráfica |
| Aínda non desenvolveu completamente o movemento segmentado do brazo, antebrazo, man e pés, polo que de momento, os seus garabatos e trazos son grandes , e lle resulta difícil axustarse o espazo dun debuxo establecido. |
| Precisa pinturas grosas porque os outros materiais son moi finos para as súas posibilidades de precisión e presión. |
| A medida que aumenta a súa coordinación óculo-manual , pode axustar o trazo e facer liñas horizontais e verticais. |
| O neno reconece ou intúe que hai un xeito de expresarse a través das imaxes. Sen embargo, de momento expresa unicamente sensacións e estados de ánimo a través dos seus garabatos de cores. . |

DESENVOLVEMENTO COGNITIVO

| |
|--|
| <ul style="list-style-type: none">• O neno precisa experimentar sobre os instrumentos e/ou materias para coñecer as súas características e aprender a súa funcionalidade. Experimentación.• Dan vida a obxectos inanimados. Animismo.• Fixasen nun só aspecto das cousas, desentendéndose dos outros. Concentración.• As cousas ocorren por que si, sen chegar a entender unha consecuencia lóxica. Xustaposición.• Inician a representación da realidade na súa mente.• Fase intuitiva do pensamento-intermedia entre a fase sensomotora (o coñecemento a través dos sentidos) e a preoperacional.• O seu pensamento segue unha soa dirección, non pode dar marcha atrás aos acontecementos. Irreversibilidade.• Ensaio-error, continúan utilizando estratexias de ensaio-error, aínda que estas van diminuindo a medida que a representación mental aumenta. |
|--|

Desenvolvemento cognitivo

| |
|---|
| 3 - 4 anos . Autopercepción e Recoñecemento |
| Recordar o seu nome completo, a idade, que tamén indica cos dedos, e o sexo. |
| Recoñecer as persoas do seu entorno e identificalas polo seu nome: familiares, compañeiros, profesores/as... |
| Sinalar as principais partes do corpo en si mesmos e noutro. |
| Diferenciar entre o neno-nena nas imaxes, é dicir, as súas características. |
| Debuxar a figura humana coa cabeza e as extremidades . |
| 3 - 4 anos. Percepción e Razoamento |
| Asociar obxectos reais e imaxes que representen ese mesmo obxecto, nun conto ou lámina de debuxo. |
| Realizar series de dous elementos referidos a obxectos, por exemplo moto-coche, ou a conceptos moi básicos, como pode ser grande-pequeno. |
| Construír torres de 8-10 bloques, coordinando os seus movementos para conseguir que non se caia. |
| Discriminar cores básicas, inicialmente non as identificará polo nome, pero será capaz de agrupalas e diferencialas. Ao final deste ano será capaz de recoñecelas e nomealas. |

| |
|---|
| Discriminar formas, agrupándoas ou mediante encaixables e montándoos. |
| Discriminar tamaños, identificándoos cando llo pedimos. |
| Construír unha ponte con tres pezas por imitación, tendo en conta o modelo presente. |
| Facer crebacabezas de “a lo menos” dúas pezas, con apoio visual. |
| Emparellar formas xeométricas simples. |
| Agrupar obxectos por un atributo: forma, tamaño, cor, facendo así as súas clasificacións. |
| 3-4 anos. Atención - Memoria |
| Repetir secuencias de a lo menos dous díxitos consecutivos, que se lle acaban de nomear, por exemplo 2- 4... repite 2- 4... |
| Responder a unha orde dúas veces consecutivas, sen necesidade de recordalas por separado. |
| Repetir cancións con xestos e pequenas listaxes. |
| Prestar atención ás instrucións curtas estando en grupos. |
| Concentrar a atención na súa tarefa, aínda que estas tarefas deben de ser curtas e variadas. |
| Atender e comprender un relato curto dirixido ao grupo e de responder a preguntas referidas ao que se lle contou, describindo polo menos dúas accións e recordando os personaxes. |
| 3 - 4 anos .O Xogo |
| O Xogo Simbólico |
| O xogo simbólico recollido pola representación mental, consiste na capacidade de imaxinar, onde predomina a fantasía e establecece unha unión co mundo real a través da actividade psicomotora. O xogo simbólico auxilia aos nenos estimulando a diminución de actividades centradas en se mesmos, permitindo unha socialización crecente. |
| Características do xogo |
| O xogo pasa de ser fundamentalmente motor a introducir elementos de simbolización (xogar por exemplo a darlle de comer a boneca, son eu a nai...) |
| O xogo é unha proxección de se mesmo. |

| |
|--|
| No xogo imita accións reais que lle rodean. |
| O xogo refírese as accións relativas o seu propio corpo, desprovistas da súa finalidade real. |
| Dirixe os seus xogos cara outras persoas, ou bonecas que actúan como axentes pasivos. Pero que pouco a pouco van dándolles un papel máis activo, atribuíndolles sentimentos, emocións, expresións verbais... |
| Goza manipulando diferentes materiais: auga, area, terra... |

COMUNICACIÓN E LINGUAXE.

| |
|---|
| 3 - 4 anos . ¿ Cómo fala o neno de esta idade?: |
| A súa linguaxe oral manifestase con un nivel aceptable de comprensibilidade para os adultos que lle rodean habitualmente aínda que as súas expresións son inmaduras. |
| E capaz de dicir moitas cousas e encántalle practicar coa linguaxe. |
| O vocabulario expresivo aumentou de maneira considerable respecto a etapas anteriores . Agora dispón de un bo repertorio de palabras que pode combinar para formar frases cada vez máis longas e complexas. |
| Gústalles moito facer preguntas sobre diversos temas . Esta é o período dos constantes e interminables: “ como” , “porque” e “cando”... |
| Pregunta constantemente buscando respostas para todo, facendo verdadeiros esforzos para facerse entender. |
| A estrutura gramatical das súas expresións e moi sinxela, pero vaise facendo cada vez máis complexa o incorporar novos elementos. |
| É capaz de pronunciar con certa facilidade sons que antes lle resultaban imposibles e comeza a ensaiar outros máis complexos que aínda non é capaz de articular correctamente . |
| Esta etapa da “ lingua de trapo” . O neno intenta pronunciar sons para os que aínda non ten a madurez articulatória axeitada , producindo palabras distorsionadas , que poden resultar graciosas os oíntes , o omitir ou cambiar sons máis complexos, |

DESENVOLVEMENTO SOCIAL

| |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> • O seu desexo de independencia lévao frecuentemente a conflitos para conseguila. • Imita o adulto. Posee una conciencia máis clara dos adultos que conforman o mundo. • Enfróntase as normas,e manifesta desexos frecuentes de actuar según os seus intereses. • Identifícase cos adultos do seu entorno máis próximo,o que lle permite comezar a salir de sí mesmo e adaptarse o contexto. • Iníciáanse aptitudes que se refiren o entrenamiento en habilidades sociais e a capacidade de establecer amizades. • Son impulsivos e responden rapidamente as situacións. • O seu estado emocional vese afectado polo seu estado físico. |
|---|

Desenvolvemento Social.

| |
|--|
| 3 - 4 anos . Desenvolvemento emocional e creación de vínculos. |
| Realiza xogos nos que asume roles da vida familiar e do colexio. |
| Ten relacións positivas con algún dos compañeiros, e estraña se estes están ausentes. |
| Acércase a outros nenos/as, pero aínda interactúa pouco, comparte, axuda, pero non aí unha verdadeira cooperación. |
| Acércase a eles de maneira positiva. As veces nesta etapa a definición de amigo responde a "o que fai o que me gusta". |
| A miúdo resulta difícil controlar as súas emocións que aínda son básicas. |
| Mostra amabilidade ou simpatía cara os compañeiros. |
| Non é claramente intimidado polos seus iguais, senón que defende os seus dereitos. |
| Normalmente está de bo humor. |
| 3 - 4 anos . Conformación do coñecemento e da conduta social. |
| Cústalle traballo, pero é capaz de esperar o seu turno nun xogo de intercambio ou en situacións de grupo. |
| Comeza a compartir con agrado. |
| Empezan as mentiras. |
| Pode pedir permiso para realizar unha acción. |
| Recoñece e pode evitar perigos. |
| Expresa desexos e preferencias claramente, de maneira positiva, diminúen os choriques e as rabechas. |
| Recoñece o seu entorno, familiares , espazos habituais polos que se move. |

DESENVOLVEMENTO PERSOAL.

| |
|---|
| 3 - 4 anos . Aprendizaxe de hábitos de autonomía , comida, aprende a: |
| Comer só tendo pouca dificultade coa culler para comidas semisólidas |
| Comer só utilizando o garfo para pinchar alimentos que lle cortamos previamente |
| Beber en vaso sen mollarse, a maioría das veces. |

| |
|--|
| Mastigar coa boca pecha, aínda que precisará que llo recordemos |
| Durante a comida, permanecer debidamente sentado a maioría das veces, si llo esiximos. |
| Utilizar a servilleta cando llo indiquemos. |
| Axudar o adulto a poñer a mesa, baixo a súa supervisión. |
| 3 - 4 anos . Aprendizaxe de hábitos de autonomía , aseo, aprende a: |
| Lavarse as mans enxaboando, aclarando e secando, axudado da consigna verbal por parte do adulto.Pode precisar axuda para abrir e pechar o grifo e para remangarse. |
| Cepillarse os dentes con supervisión do adulto |
| Soarse os mocos aínda que teñamos que recordarllo a miúdo. |
| Participar de maneira activa durante o baño. |
| Utilizar o papel hixiénico con supervisión do adulto e tirar da cadea do WC si se lle recorda. |
| 3 - 4 anos . Aprendizaxe de hábitos de Autonomía , vestido, aprende a: |
| Espirse practicamente,si ben algunha prenda entraña aínda un pouco de dificultade. Poñerse prendas sinxelas |
| Quitar e poñer o abrigo. |
| Baixar e subirse as prendas de roupa no baño si estas son cómodas e con ausencia de cerres complicados, cinturón ou tirantes. |
| Colgar a bata ou abrigo no percheiro correspondente. Levar a roupa sucia ao seu sitio, si llo recordamos. |
| Abrir as cremalleiras, abotoar certos cerres e botóns grandes. |
| Poñer as zapatillas ou os zapatos sen atar os cordóns, Gardar o pixama. |
| 3 - 4 anos . Aprendizaxe de hábitos de autonomía , descanso, aprende a: |
| Precisa que o adulto lle indique que ten que ir durmir. |
| Pode pedir que lle deixemos unha luz ata que se durma e tampouco e raro que pida un obxecto que lle dea seguridade (Oso, boneca...) |
| Moitos nenos/as a esta idade continúan precisando un pequeno período de sesta ou momento de repouso. |

INDICADORES DE DESENVOLVEMENTO (4 - 5 anos)

DESENVOLVEMENTO MOTOR E PERCEPTIVO

4 - 5 anos. En canto o ton muscular

Maior independencia e control da musculatura nas pernas

As súas articulacións en xeral parecen máis móbiles e respóndenlle mellor.

Cada vez ten máis control postural do tronco e é capaz de adaptarse a situación na que este, por máis tempo.

Adquire forza e destreza nos brazos e as mans, gústalle demostralo: colle un balón cas dúas mans e logo sóltao.

Pode aprender a coller o bote dos lápis de maneira axeitada, utilizando a pinza dixital.

Síntese autónomo en marcha, comeza a asegurar e afinar as manipulacións

Descobre que técnica manipulativa debe empregar para cada ocasión, en función do que desexe facer.

4 - 5 anos. Capacidade de relaxación e tensión muscular

Cando se lle dá unha orde é capaz de parar unha actividade motriz máis rápida e reiniciala cando se lle pide.

Gústalle realizar probas motrices non demasiado difíciles e saír airoso: subir e saltar, lanzar e recoller...

Pode manter o equilibrio estático sobre unha perna durante varios segundos .

Sabe suxeitarse nas puntas dos pés.

É menos temerario e dáse conta das súas propias limitacións. Cada vez adoita mellor a súa postura a súa actividade e posibilidades.

4 - 5 anos Actitude

Goza coa actividade motora e cada vez que realiza proezas máis "atléticas", e mostrase encantado de poder realizalas.

Mantén a postura de sentarse axeitadamente e entretense con xogos sedentarios durante máis tempo, aínda que segue preferindo a acción.

| |
|--|
| Busca todas as estratexias precisas para coller obxectos que lle permitan a súa manipulación e lle atraen os xogos manipulativos, como demostración da súa maior precisión e destreza manipulativa. |
| Comeza a darse conta das posibilidades comunicativas a través do xesto e da mobilidade das principais partes do corpo: cabeza, tronco, extremidades, e encántalle demostralo. |
| 4 - 5 anos . Respiración |
| O neno é cada vez máis consciente da súa propia respiración e pode utilizar exercicios de control dos grupos musculares do estómago . |
| Aínda non pode exercer o control total da respiración ao non ter integrado o esquema corporal. |
| Coma na idade anterior, é moi importante que o neno aprenda a controlar a súa respiración pola influencia que iso ten, non só a hora de facer exercicio, senón sobre todo porque é fundamental para o mantemento da atención, relaxación.... |
| Comeza a identificar os seus estados de descanso ou de axitación en función de cómo é a súa respiración. |

Conduas Neuroperceptivas motoras e Percepción do entorno

| |
|--|
| 4 - 5 anos . Lateralidade |
| Arredor dos catro anos, aínda actúa en moitas ocasións con ambas mans pero buscando a maior comodidade dunha e outra man. Compara rendementos e comeza a definirse. |
| Comeza a interpretar as diferenzas na habilidade e na destreza se emprega unha man ou a outra, ou un e o outro pé. |
| Salvo que exista unha situación de ambidestrismo, o neno vai delimitando a súa tendencia lateral natural. |
| 4 - 5 anos. Espazo. |
| Sempre en relación o seu propio corpo, o neno establece relacións especiais cos obxectos e é capaz de orientarse e orientalos en diferentes posicións: dentro- fóra, arriba-abaixo, enriba-debaixo, no borde, a un lado, no centro e na esquina. |
| No caso de ensinarlle, pode comezar a introducir matices na extensión ou no volume das cousas: máis longa ou corta que, máis grande ou máis pequena que... |
| Todos estes conceptos son incorporados, interpretados e empregados tanto nun |

| |
|---|
| discurso como na súa actividade habitual e no xogo. |
| O neno comeza a orientarse en espazos sinxelos, sempre en relación o seu propio corpo. |
| 4 - 5 anos. Tempo |
| Comeza a ter certa idea do tempo e, aínda que polo momento non é capaz de ordenar de maneira temporal os acontecementos que lle pasaron ou os que ocorren nunha historia, si é capaz de diferenciar: día e noite, antes ou despois. |
| Non adquire conciencia real do paso do tempo ata máis adiante. |
| 4-5 anos. Estruturación espazo-temporal |
| Segue sen existir unha estruturación espazo-temporal, aínda que as últimas adquisicións van poñendo sobre a pista de que existe unha relación causa-efecto, que ten que ver co momento e o lugar. |
| Non lle pasa desapercibida a sensación de que si corre máis chega antes, sen embargo non o fai de maneira consciente aínda. E máis unha aprendizaxe ou unha intuición. |

Aspectos motrices

| |
|--|
| 4 - 5 anos. Locomoción |
| Pode manter o equilibrio sobre unha soa perna durante varios segundos. |
| Mellora a coordinación e pode dirixirse a dirección que se lle indique con máis seguridade. |
| Pedalea nun triciclo e incluso nunha bicicleta de dúas rodas con auxiliares. |
| Baixa as escaleiras con alternancia dos dous pés. |
| Corre con facilidade e pode alternar ritmos regulares no seu paso. |
| Pode realizar un salto ao longo da carreira se o precisa ou se lle pide. |
| Xa non tropeza e gústalle realizar probas motrices que non sexan moi difíciles: saltar certas alturas. |
| Síntese máis dono dos seus movementos e actúa con maior seguridade. |
| Ao ter tamén unha percepción do entorno máis ampla, mide os seus movementos e axústaos con naturalidade ao movemento e ao lugar . |
| Polo momento non anticipa ben os impulsos e por iso, aínda comete erros neste |

| |
|---|
| aspecto. |
| 4 - 5 anos. Manipulación |
| A coordinación ollo-man vai mellorando de maneira significativa e encántalle facer cousas que lle esixan a dita coordinación. |
| Pode lanzar pelotas con ambas mans e recollelas. |
| Pode facer boliñas de papel e plastilina, cada vez máis pequenas. |
| Enfía ou cose ganchos e buratos cada vez máis finos. |
| Pode construír unha ponte con tres pezas. |
| É capaz de “picar” con un punzón dentro e fóra da silueta. |
| É capaz de apretar obxectos con rosca. |
| Dáse conta non soamente das súas posibilidades manipulativas, senón tamén das características básicas dos obxectos e do que se pode facer con eles na área manipulativa. |
| Non domina de todo os obxectos que están o seu alcance, pero adquire conciencia da axuda que precisa en canto a súa manipulación e pídea. |
| 4 - 5 anos. Representación gráfica |
| Pode encher espazos con pinturas, e aínda que se pode saír un pouco dos límites, cada vez axusta máis o trazo. |
| Aínda precisa realizar trazos grandes, pero xa é capaz de debuxar por exemplo, unha cruz e incluso de illar un círculo. |
| Pode copiar debuxos de figuras simples: algo que pode parecer unha casa, un cadrado, unha árbore. |
| É capaz de debuxar figuras humanas con paus, a medida que coñece o seu corpo. |
| Sabe seguir unha liña o picar e faino na dirección correcta. |
| Reproduce a dirección correcta en trazos simples e cun modelo. |
| A través do dominio das posibilidades que lle da o lápis ou as pinturas, ábreselle un mundo de posibilidades de expresión que descoñecía ata o de agora. |
| Encántalle probar e experimentar as posibilidades coas cores, coas formas, a combinación destas a hora de facer un debuxo simple. |

DESENVOLVEMENTO COGNITIVO

- Esperta a curiosidade infantil e as ganas de coñecer todo o que lle rodea e buscar o seu por qué.
- Fai preguntas referidas a gran cantidade de temas.
- Pon a proba a paciencia dos adultos cos seus pensamentos interrogatorios.
- Comeza a empregar debuxos, palabras, xestos e certas representacións mentais para pensar sobre cousas e accións.
- Funciona máis a habilidade de recoñecer que a de recordar.
- Entende as relacións causa-efecto.
- A súa maneira de razoar xa do particular ao específico sen ter en conta o xeral.
- O neno vai avanzando nos seus esquemas de coñecemento a partir da interiorización do seu propio eu e das súas posibilidades de acción.

Desenvolvemento cognitivo

4 - 5 anos. Desenvolvemento Perceptual - Razoamento

Facer crebacabezas de catro pezas, constrúe un todo de imaxes sinxelas e referidas a figura humana ou obxectos coñecidos.

Copiar un cadrado, e iniciar a copia dun triángulo, aínda que os seus ángulos non están aínda ben definidos.

Identificar obxectos sinxelos polo tacto, diferenciando texturas (brando, duro, suave..)

Clasificar obxectos por dous atributos, cor e forma cando se lle pide, aínda que no inicio precise un modelo.

Asociar as imaxes que teñen algunha característica en común (as longas, as pequenas...)

Realizar agrupacións por categorías .

Discriminar distintas calidades de tamaño.

Nomear as posicións: primeira, segunda, última e a do medio..

Clasificar polo tamaño de maior a menor, xeralmente a través de encaixables ou mediante unha actividade con apoio.

Identificar o máis longo dos dous paus, si é máis duro ou máis brando...

Explicar unha acción dun debuxo. Non só enumera, senón que conta algo sobre o que fan os personaxes e/ou acontece na acción.

Debuxar a figura dunha persoa da forma máis completa que aos 3 anos (cabeza, cara ,

| |
|--|
| tronco e extremidades). |
| Atopar os elementos ocultos en fondos sinxelos, que están agochados ou camuflados. |
| Xuntar os símbolos iguais mantendo o modelo na súa presenza. |
| Construír unha barreira con cinco cubos, seguindo o modelo. |
| 4 - 5 anos. Atención - Memoria |
| Seguir as ordes verbais que implican dúas accións seguidas, sen lembrarillo. |
| Lembrar os obxectos familiares e de uso común, e sabe onde están cada un de eles. |
| Recordar catro obxectos que veu nunha ilustración e repetilos cando se lle pide. |
| Recordar diferenzas entre dúas escenas case iguais. |
| Dicir o que falta cando se quita un obxecto dun grupo de tres que lle ensinamos previamente. |
| Repetir literalmente frases de ata seis elementos, que lle acabamos de dicir. |
| Escoller o número de obxectos que se lle piden, nomeándollo unha soa vez. |
| Repetir cancións e aprender poesías de polo menos cinco versos. |
| 4 - 5 anos. O xogo. Características do xogo |
| Semellante a etapas anteriores, presenta gran actividade, pero agora con frecuencia busca producir unha obra, realizar unha creación, construción, debuxo... con un fin. |
| O nivel de atención e mantemento desta nunha tarefa vai medrando e obsérvase con frecuencia un gran interese por rematar o que empezou; a miúdo costa cambiarlle de actividade e non lle importa deixar outras actividades para rematar a que iniciou. |
| Agrádanlle os xogos de competencia que esixen atención, concentración, razoamento, para gañar puntos, pero aínda ten que estar dirixido por un adulto. Os nenos a esta idade non conseguen organizarse entre eles nun xogo cooperativo. |
| O xogo simbólico avanza, converténdose nun xogo elaborado e máis planificado, aparecen xogos de "papa" e "mama" intercambiando papeis con outros nenos, gústalle disfrazarse para facer "como si...", " unha caixa fose un camión". |

COMUNICACIÓN E LINGUAXE

4 - 5 anos .Organización Fonética:

Ten unha discriminación auditiva máis evolucionada que lle vai permitir aprender fonemas moito máis complexos.

Agora pode realizar secuencias fonéticas relativamente complicadas, polo que comeza a aparecer no seu vocabulario palabras de difícil articulación.

Prodúcese un aumento da atención auditiva, o cal lle permite realizar pequenas entoacións e xogos fonéticos curtos, que desenvolverán a súa capacidade de reprodución fonética.

Está preparado para facer, os xogos de motricidade buco-facial coa lingua, os beizos...

Aparecen novos fonemas nas súas emisións orais. Comeza a articular sons que antes lle resultaban imposibles.

4 -5 anos .Organización semántica:

Gústalle realizar denominacións descritivas a partir de gráficos , láminas, contos, murais... activando a gran cantidade de vocabulario adquirido.

Así mesmo, cada vez é máis frecuente que aparezan, de maneira fluída, denominacións con linguaxe oral en situacións de exposición de acontecementos, contar experiencias, describir detalles..

Desfruta cos xogos lingüísticos creativos que lle permitan investigar e xogar coa linguaxe: adiviñas, inventar palabras novas, dicir palabras difíciles, aprender poesías, cancións...

Este é o período de locuacidade. Pregunta e fala incesantemente.

Interroga os adultos sen cesar, sobre o que ve e o que imaxina.

Disfruta falando por teléfono.

4 -5 anos .Organización morfosintáctica:

Forma frases longas, aínda que as veces confunde o uso das palabras.

As frases comezan a facerse gramaticalmente máis complexas, aínda que non soen levar máis dunha preposición.

Pode comunicar os seus desexos e necesidades utilizando frases máis ou menos ben estruturadas.

DESENVOLVEMENTO SOCIAL

- A esta idade comeza a cobrar importancia o grupo de amigos, de tal maneira que queren agradarlles e ser coma eles.
- Parece que están mais dispostos a aceptar as normas que nestas etapas anteriores, aínda que aparecen rabechas difíciles de controlar, sen embargo estas son máis esporádicas.
- Moitos nenos/as de esta idade evidencian ter inicios de empatía cara outras persoas.
- O neno/a gústalle gañar, ser o primeiro da fila e en definitiva ter un papel destacado, pero tamén debe aprender a perder sen anoxarse.
- Iniciase unha especie de separación por sexos, que posteriormente dará paso o interese polo sexo contrario, o neno co pai, a nena coa nai e aparece un novo proceso de identificación, cobrando gran importancia o rol de cada un para conseguir a súa identificación.

Desenvolvemento Social.

4 - 5 anos. Desenvolvemento emocional e creación de vínculos.

Elixo os seus amigos, aos que se acerca e busca máis para iniciar un xogo.

Expresa algunhas emocións.

Consola a un compañeiro empatizando con él cando o ve sufrir.

Faise valer socialmente mostrando as súas grazas e mellores condutas, cando quere.

Repite poemas, cancións ou baila para outros.

Responde e incia de maneira moi básica o contacto cos adultos.

Pode traballar só en algunha actividade durante uns minutos.

Pide axuda cando ten algunha dificultade.

4 - 5 anos. Conformación do coñecemento e da conduta social.

Sabe compartir e esperar o seu turno nos xogos que dirixe o adulto.

Cando o xogo é planificado por eles mesmos, soen ser frecuentes os conflitos por ser o primeiro ou ter un papel protagonista.

Amplía o seu mundo de coñecemento social a entorno familiar..

Comportase en público de maneira socialmente aceptable, a maioría das veces, diferencia o que é socialmente aceptable e o que no.

Aumenta a competitividade entre os nenos/as e continuamente preguntan: ¿Quen é o mellor? ¿a quen queres mais...?...

Sabe desculparse cando fai algo mal, aínda que é preciso recordarllo.

Pide permiso para usar obxectos que pertencen a outros.

DESENVOLVEMENTO PERSOAL

4 - 5 anos. Aprendizaxe de hábitos de Autonomía , Comida, aprende a:

Comer só utilizando correctamente a culler e o garfo e discriminando xeralmente qué utensilio debe utilizar según que comida. Aínda non utiliza o coitelo.

Beber en vaso collendo con unha soa man e sen mollarse.

Mastigar correctamente e limparse con unha servilleta aínda que precisa que llo recordemos.

Habitualmente, acabar a comida sen necesidade de moita xuda por parte do adulto.

Durante o tempo da comida, permanecer debidamente sentado,e dicir,unha postura correcta, a maior parte do tempo.

Axudar o adulto a recoller a mesa.

Diminúen as chamadas de atención na mesa.

4 - 5 anos. Aprendizaxe de hábitos de Autonomía , Aseo, aprende a:

Aguantar durante máis tempo a necesidade de ir o baño.

Controlar esfínteres pola noite.

Xeralmente ir o baño cando o precisa sen que teñamos que recordarllo.

Continuar o proceso de hixiene no baño: limparse, tirar da cadea e lavarse as mans. O principio será preciso que o adulto lle vaia recordando os pasos a dar.

Aínda que sabe que ten que lavarse as mans antes de comer, precisa a miúdo que llo recordemos.

Lavarse os dentes despois das comidas aínda que segue precisando a consigna do adulto.

Soarse os mocos sen que teñamos que indicarllo sempre.

Comezar a interesarse polo seu aspecto externo (mans limpas, peiteado..)

4 - 5 anos. Aprendizaxe de hábitos de Autonomía , Vestido, aprende a:

Espirse correctamente aínda que poida precisar certa axuda con algúns cierres.

| |
|--|
| Atar e desatar cremalleiras con pouca dificultade. Abrochar e desabrochar botón.. |
| Vestirse só con mais soltura pero con supervisión do adulto. |
| Subirse as prendas de roupa no baño con bastante corrección. |
| Dobrar a roupa;o principio,baixo a consigna verbal do adulto. |
| Gardar a roupa sucia sen que teñamos que recórdallo sempre. |
| Comezar a diferenciar diante e detrás en algunha prenda de roupa si lle damos a referencia. (etiqueta). |
| 4 - 5 anos. Aprendizaxe de hábitos de Autonomía , Descanso, aprende a: |
| Aínda precisa que o adulto lle indique que ten que irse a durmir. |
| Algúns nenos/as poden seguir precisando a luz indirecta ata durmirse e algún obxecto que lle de seguridade. |
| Xa non soe facer sesta. |
| Cando esperta, non reclama inmediatamente a atención do adulto pero se enseguida , podendo por exemplo, poñerse a xogar durante un curto período de tempo antes de buscar os pais. |

INDICADORES DE DESENVOLVEMENTO (5-6 anos)

DESENVOLVEMENTO MOTOR E PERCEPTIVO

Esquema corporal e percepción de si mesmo

5 - 6 anos. En canto o ton muscular

A musculatura das pernas permítelle saltar pequenas barreiras, saltar sobre un só pé, correr case como un adulto.

Pode andar sobre as puntas dos pés cos ollos abertos e os brazos ao longo do corpo.

Pode exercer un aumento ou unha diminución do ton muscular en partes illadas do corpo, e non como ata o de agora que se movía por “bloques corporais”

Aumenta a forza e destreza nos brazos e nas mans. É capaz de conducir un patinete dirixido coas mans e empuxando co pé.

Pode trepar por unhas escaleiras de man ou por un tobogán ata dous metros.

Xa usa un afialapis.

Axusta o ton muscular a cada ocasión, dun xeito natural, sen ter que pensar no movemento ou na forza que exerce.

5 - 6 anos. Capacidade de relaxación e tensión muscular

Pode camiñar por un banco, mantendo o equilibrio de pés e mans.

Pode golpear unha pelota cunha raqueta ou cun pau.

Monta en bicicleta de dúas rodas e pedalea sen precisar as rodas auxiliares.

Bota unha pelota e contrólaa.

Separa completamente as actividades do tronco, ombreiros e brazos, e as súas respostas adquiren certa harmonía.

Pode axeitar os seus movementos a un ritmo con certa harmonía, combinando ben a tensión e a relaxación muscular.

5 - 6 anos Actitude

Goza coa actividade motora e comeza a sentirse mellor en case todo, busca sempre a competición cos seus compañeiros.

| |
|---|
| Séntese seguro e intenta compartir sempre as súas novas adquisicións para demostrar do que é capaz. |
| Enfróntase as novas posibilidades con verdadeiro interese e pode dedicar moito tempo a conseguir un novo reto. |
| A súa motivación e enerxía non teñen límite neste tramo de idade. |
| Recoñece case todo na súa totalidade e vai integrando as partes do esquema corporal que lle faltan. Na cabeza: as pestanas, cellas, e o colo; no tronco, diferenza: o peito, a cadeira, a cintura, o pene, a vulva; con respecto as extremidades: os cábados, os dedos índice, corazón, anular, as uñas, a coxa e o nocello. |
| 5 - 6 anos. Respiración |
| Nesta idade para conseguir o control da respiratorio, o neno é capaz de realizar exercicios de inspiración e expiración tanto bucais como nasais. |
| Pode reter a inspiración e a expiración en diferentes estados de repouso e esforzo. |
| Unha vez máis, debemos lembrar que é importante que o neno aprenda a controlar a súa respiración pola influencia que isto ten, non so a hora de facer exercicio senón, sobre todo, porque é fundamental para o mantemento da atención, relaxación e liberación do estrés... |
| Xeralmente nesta idade, a respiración é un proceso automático, que o neno pode controlar e adecuar as necesidades do momento. |
| O cantar, o nadar, o correr.... O neno controlará sempre ritmicamente a súa respiración sen grandes problemas, sempre que se lle ensine a facelo. |

Conduas Neuroperceptivas motoras e Percepción do entorno

| |
|---|
| 5 - 6 anos. Lateralidade |
| Entre os cinco e os seis anos de idade, o neno ou a nena saben con que man é máis áxil e a súa definición lateral de mans está case conseguida. |
| 5 - 6 anos. Espazo. |
| É perfectamente capaz de asignar unha forma ao seu espazo e realizar encaixables ou rompecabezas atendendo unicamente a estas características. |
| Encántalle comprobar e utilizar os matices na extensión ou o volume das cousas: máis longa, máis corta, máis grande, máis pequena... |
| En relación ao seu propio corpo, pero ampliando o seu coñecemento das relacións espaciais, o neno é capaz de orientarse e orientar os obxectos en diferentes posicións: o |

| |
|--|
| redor de, máis lonxe que, nin primeiro nin último, segundo, |
| Para poder identificar un obxecto emprega os xiros, que supoñen unha análise das súas partes máis importantes, aínda que se modifique a súa posición no espazo. |
| Pode anticiparse á situación de realizar rompecabezas ou construcións, descubriendo a peza que falta e sabendo o sitio no que debe poñela. |
| 5 - 6 anos. Tempo |
| O neno é capaz de vivenciar: os días da semana, as horas, a secuencia de actividades que debe de realizar para chegar aos seus obxectivos. |
| É capaz de realizar secuencias gráficas e ordenalas. |
| É capaz de recoñecer conceptos como: mañá-tarde-noite, onte-hoxe-mañá, sempre-nunca, e podería aprender os meses do ano se llos ensinamos. |
| A partir dos puntos de referencia temporal que se lle ensinan, o neno desenvolve unha capacidade de observación que relacionará co paso do tempo . |
| O cambio das flores, o paso do día, a luz e a escuridade e as actividades que fai en cada momento, serán factores determinantes na comprensión, asimilación e aprendizaxe do paso do tempo. |
| 5 - 6 anos. Estruturación espazo-temporal |
| Comeza a observarse un proceso de abstracción, que permite que o neno exprese verbal ou gráficamente os conceptos espazo-temporais que acaba de vivir. Este proceso garante realmente que o neno asimile as nocións do espazo e tempo que se lle transmitiron e xa pode comezar a falar de certa estruturación espazo-temporal no seu coñecemento do entorno da súa propia actividade. |
| Esta maduración global do espazo e do tempo implicarán tamén, a posibilidade de adquirir un dominio do ritmo, importante na hora de prepararse para outras aprendizaxes como a lectura, escritura, o cálculo, expresión corporal..... |
| Reafirma as nocións de antes e despois , que lle preparan para adquisición de novas aprendizaxes. |
| Interioriza os conceptos de duración (longa-curta), de velocidade (lenta- rápida), de intensidade e de intervalo (silencio longo-silencio corto). |

Aspectos motrices

| |
|---------------------------------|
| 5 - 6 anos. Locomoción |
| Salta e brinca sen dificultade. |

| |
|--|
| Pode andar pola barra de equilibrio con algo de pendente. |
| Conserva o equilibrio sobre as puntas dos pés durante varios segundos. |
| Bo momento para comezar a aprender danza e ritmo. |
| Pode saltar a corda que este a unha altura de 60 cms. |
| Patina , monta en bicicleta e pedalea sen necesidade de rodas complementarias. |
| Síntese capaz de iniciar grandes aventuras atléticas. |
| Vese como un adulto no momento de abordar calquera acción que supoña movemento . |
| 5 - 6 anos. Manipulación |
| Recorta e pica con maior dominio. É capaz de pegar papeis en liña recta. |
| Pode coller obxectos pequenos e introducilos un por un nunha botella de boca estreita. |
| Ten máis precisión e dominio das ferramentas de pintura e pinta sen saírse nas figuras complexas. |
| Pode facer nós sinxelos. |
| Emprega as tesoiras seguindo unha liña recta. |
| Cada vez quere demostrar con máis forza as súas adquisicións.. |
| Aumenta a seguridade e a súa autoestima, o darse conta dos avances e as posibilidades de acción. |
| Desenvolvemento perceptivo |
| 5 -6 anos. Representación gráfica |
| Manexa o lapis con máis seguridade e precisión e é capaz de realizacións complexas. |
| Pode debuxar unha figura recoñecible como unha persoa. |
| A actividade gráfica adquire precisión e xa pode reproducir letras e palabras con certa soltura, seguindo ben a dirección dos grafismos. |
| Comeza a darse conta das súas posibilidades representativas e comunicativas e cada vez utilízalas con máis interese. |

DESENVOLVEMENTO COGNITIVO

- O seu pensamento é máis lóxico e intuitivo.
- Comeza a buscar outras solucións ante os seus erros, formulándose novas e diferentes solucións.
- Aumenta a capacidade de pensamento diverxente ou posibilidade de pensar en diferentes solucións a unha mesma situación.
- Recorda o que pasou.

Desenvolvemento cognitivo

5 -6 anos. Desenrolo Perceptual- Razoamento

Facer crebacabezas de catro pezas, construíndo un todo de imaxes sinxelas e referidas a figura humana ou obxectos coñecidos.

Copiar un cadrado, e iniciar a copia dun triángulo, aínda que os seus ángulos non están aínda ben definidos.

Identificar obxectos sinxelos polo tacto, diferenciando texturas (brando, duro, suave...)

Clasificar obxectos por dous atributos, cor e forma cando se lle pide , aínda que no inicio precise modelo.

Discriminar distintas calidades de tamaño.

Nomear as posicións: primeira, segunda, última e a do medio.

Clasificar por tamaño de maior a menor, xeralmente a través de encaixables ou mediante unha actividade con apoio.

Encontrar os elementos ocultos en fondos sinxelos, que están agochados ou camuflados.

Xuntar os símbolos iguais mantendo o modelo na súa presenza.

Construír unha barreira con cinco cubos, seguindo o modelo.

5 -6 anos. Atención - Memoria

Seguir as ordes verbais que implican dúas ou tres accións seguidas, sen lembrarllas.

Recordar obxectos familiares e de uso común e sabe onde están cada un de eles.

Recordar catro obxectos que veu nunha ilustración e repetilos cando se lle pide.

| |
|--|
| Recordar diferenzas entre dúas escenas case iguais. |
| Mostrarlle un grupo de tres obxectos, retírase un e ten que dicir cal é o que se desapareceu. |
| Repetir literalmente frases de ata seis elementos, que lle acabamos de dicir. |
| Escoller o número de obxectos que se lle piden, nomeándollo unha soa vez. |
| Repetir cancións e aprender poesías de polo menos cinco versos. |
| 5 -6 anos. O xogo. Características do xogo |
| Semellante a etapas anteriores, presenta gran actividade, pero agora con frecuencia busca producir unha obra, realizar unha creación, construción, debuxo. |
| O nivel de atención e mantemento desta nunha tarefa vai medrando e obsérvase con frecuencia un gran interese por rematar o que empezou; a miúdo costa cambiarlle de actividade e non lle importa deixar outras actividades para rematar a que iniciou. |
| Agrádanlle os xogos de competencia que esixen atención, concentración, razoamento, para gañar puntos, pero aínda ten que estar dirixido por un adulto. Os nenos a esta idade inda non conseguen organizarse entre eles, nun xogo cooperativo. |
| O xogo simbólico avanza, converténdose nun xogo elaborado e máis planificado, aparecen xogos de “papa” e “mama” intercambiando papeis con outros nenos, gústalle disfrazarse para facer “como si...” “unha caixa fose un camiión”. |

COMUNICACIÓN E LINGUAXE

| |
|---|
| 5 - 6 anos. ¿Cómo fala o neno de esta idade?: |
| A súa capacidade expresiva oral foise fortalecendo de maneira significativa. |
| Os seus enunciados son perfectamente comprensibles para os interlocutores, con independencia do contexto no que se produzan e da relación que teñan coas persoas coas que se comuniquen. |
| Poden xuntar de seis a oito palabras nunha frase, sendo capaces de facer frases máis extensas e máis complexas que antes, nas que ademais apareceran vocablos referidos a unha gran variedade de campos semánticos. |
| É capaz de unir varias frases seguindo o fío condutor de un tema determinado . Polo que está en condicións de realizar un discurso máis ou menos longo, se así o desexa. |
| Dende o punto de vista gramatical, as frases soen estar ben estruturadas a pesar do aumento de elementos que se incorporan e da complexidade crecente das mesmas. |
| Interesase polo significado das novas palabras aprendidas , escoitadas ou lidas en pequenos textos, contos infantís... |
| Gústalle escoitarse así mesmo, experimentar coas palabras, aprender poesías, refráns, trabalinguas.. para logo dicilos en público e demostrar as súas habilidades lingüísticas. |

Nos seus enunciados comezan a aparecer cada vez máis expresións propias de adultos. A gran capacidade de imitación que ten nestes momentos, vése plasmada na maneira de falar, incorporando palabras e expresións que o no entorno máis próximo.

A espontaneidade e a orixinalidade propias de esta idade, véñense reflexadas nas súas expresións e nos comentarios que fai de maneira natural.

O desenvolvemento motriz xeral alcanzado nestas idades, permítelle unha boa mobilidade dos órganos fonadores (lingua, beizos, dentes...) facilitando a articulación correcta de aqueles sons que ata o de agora lle resultaban moi difíciles de executar.

Os seis anos de idade, o desenvolvemento fonético completouse. Os fonemas que evolutivamente son máis complexos, e máis tardíos en aparecer na linguaxe infantil, foron adquiridos todos.

DESENVOLVEMENTO SOCIAL

- Os cinco anos as nenas e os nenos gozan dunha relativa estabilidade, comeza a autocontrolar as crises profundas de personalidade, aínda que por outra banda busca ser solidario coa súa familia e outros axentes sociais e por outro segue ansioso de autonomía.
- Pouco a pouco aprende a respetar os dereitos das persoas do seu entorno.
- Os grupos de iguais van tendo maior estabilidade e os nenos/as van conformando os seus grupos a partir de un proxecto común, elaborando normas do xogo propio.
- Busca ser recoñecido máis alá do seu grupo familiar.
- A empatía váise elaborando cada vez máis, observándose a esta idade sentimentos de protección cara os compañeiros menores e incluso compañeiros de clase ou de xogo.
- Os xogos de roles que máis se observan son os que representan figuras de poder, forza, ídolos deportivos ou da canción que exercen a súa influencia a través dos medios de comunicación.

Desenvolvemento Social.

5 - 6 anos . Desenvolvemento emocional e creación de vínculos.

Aparecen emocións novas como: medo, frustración, ira, curiosidade..

Aparecen sentimentos de orgullo e de vergoña.

Describe emocións si se lle axuda .

Comeza a recoñecer os erros e os límites respecto aos outros.

Descubre a diferenza entre os sexos como criterio irreversible de diferenciación entre mozos e mozas.

Gústalle desenvolver a súa creatividade.

| |
|---|
| Busca incorporarse nun grupo e obter a súa aprobación. |
| No grupo asúmense roles que no propio grupo vai marcando a cada un. |
| Comeza a cobrar moita importancia a opinión do grupo e pode mostrar retraemento cando entra en conflito coas súas propias opinións e as da familia. |
| Aparecen preguntas sobre a sexualidade e o nacemento. |
| 5 -6 anos . Conformación do coñecemento e da conduta social. |
| Agrádalle colaborar nas cousas da casa. |
| Pódesele encomendar unha tarefa e vaina a realizar |
| Ten máis iniciativa para a comunicación, mostrándose máis falador e sociable. |
| Disfruta co xogo asociativo. |
| Pode anticipar as súas hipóteses e iniciarse na toma de decisións. |
| Dáse conta de que lle poden facer trampas e de que pode facelas. |
| Mostra satisfacción coas súas propias actividades e os seus resultados. Gústalle ensinalos e compáraos cos dos seus compañeiros |

DESENVOLVEMENTO PERSOAL.

| |
|--|
| 5 - 6 anos. Aprendizaxe de hábitos de autonomía , comida, aprende a: |
| Iniciar o uso do coitelo si se trata de partir un alimento brandiño e recibe certa axuda do adulto; non obstante, pode aínda ter algunha dificultade para coordinalo con uso do garfo. |
| Sérvese auga dende a xerra ou botella medio chea a un vaso. Require certa supervisión por parte do adulto. |
| Rematar por si só a comida sen requirir a axuda constante do adulto. |
| Xeralmente non mancharse practicamente mentres come e utilizar a servilleta sen necesidade de recordarllo. |
| Normalmente permanecer sentado durante toda a comida e manter unha actitude socialmente aceptable na mesa. |
| Axudar a poñer e quitar a mesa habitualmente. |
| Preparar algún alimento se ten fame (galletas, iogures, pan con chocolate...) |

5 - 6 anos. Aprendizaxe de hábitos de Autonomía , Aseo, aprende a:

Ir o baño en determinados momentos do día (o levantarse,o deitarse...)para así evitar que poida xurdir a necesidade en situacións inoportunas.E preciso crear o hábito.

Bañarse practicamente solo excepto o cabelo, con supervisión do adulto e consigna verbal.

Lavarse habitualmente as mans antes e despois das comidas;de vez en cando precisará que llo recordemos.

Lavarse os dentes despois das comidas cada vez mellor pero non correctamente.

Soarse a nariz cando ten mocos sen que teñamos que indicarllo; dobrar o pañuelo e gardalo.

Comezar a peitearse se o seu cabelo non entraña moita dificultade.

5 - 6 anos. Aprendizaxe de hábitos de Autonomía , Vestido, aprende a:

Subir e baixar cremalleiras sen dificultade.

Abotoar e desabotoar botóns facendo coincidir cada botón co ollal correspondente.O principio requirirá a consigna verbal por parte do adulto.

Vestirse e espirse só sen perder o tempo.

Facer nós.

Subirse as prendas de roupa no baño correctamente,e dicir,ben estiradas.

Cambiarse a roupa interior.

Interesarse cada vez máis pola aparencia exterior e pola roupa que leva según a ocasión e o lugar.

Diferenza diante e detrás en prendas de roupa buscando por si só a referencia

Atar os cordóns dos zapatos; o principio con bastante axuda.

5 - 6 anos. Aprendizaxe de hábitos de Autonomía , Descanso, aprende a:

Si o noso fillo foi adquirindo anteriormente unha rutina do sono axeitada e non presentou grandes problemas, é moi probable que en esta etapa de idade sexa xa practicamente autónomo a este nivel.

Soe aceptar de bo grado ir para a cama aínda que lle gusta que o acompañemos.

Cando pola noite ten necesidade de ir o baño, esperta só, avisa e/ou vai.

ESTIMULACIÓN 3-6 ANOS

PAUTAS EDUCATIVAS .

DESENVOLVEMENTO MOTOR E PERCEPTIVO

1. Actividades para fortalecer a musculatura dos brazos, pernas e mellorar o ton.
 - Erguerse e agacharse: xogamos a “Ananos e Xigantes”,
 - Andar “ a gatas ”, apoiándose primeiro cunha man e a perna do lado contrario ; Mira o que fago! Logo do revés .
 - Apoiados nos dous pés e cos brazos levantados... somos árbores e móvenos o vento. Empúxannos cara un lado (suxeitámonos só nun pé) e cara o outro lado...
 - Lanzamentos coas mans e cos pés (xogar coa pelota ...)
 - Empurrar obxectos “ pesados”: ordear sillas
 - Camiñamos levantando moito unha perna ou case sen movelas.
 - Facer carreiras de obstáculos.

2. Actividades para conseguir unha axeitada tensión e relaxación muscular:
 - Para relaxar as mans, faremos bólas de papel , collerémolas coas dúas mans e apresámolas con toda a forza e despois soltamos as mans. Así notaremos como se relaxan . Despois nos pasamolle un dedo polas palmas das súas mans e a continuación nós faremos o mesmo.
 - Para relaxar os brazos, xogaremos a “ boneca xeadá”: correr sin mover os brazoss.
 - Para relaxar os ombros: diante dun espello, facer exercicios de subir e baixar os ombros, primeiro un, despois o outro, os dous a un tempo...
 - Para a espalda, xogar a que somos panadeiros e temos que amasar o pan . O neno deitase no chan e nos masaxeamoslle a espalda ; estirámoslle os brazos a modiño, as pernas. Unhas veces farase coas mans e outras cos dedos.
 - Pernas e pés: poñer un pau redondo no chan e sentar o neno nunha cadeira cos pés descalzos, e facer rodar o pau de atrás para diante varias veces.

3. Actividades para adquirir un crecente control e coordinación na motricidade gorxa ou locomoción:
 - Arrastrarse polo chan , como se fosemos vermes e facer que o neno nos imite.
 - Gatear apoiando os xeonllos e mans como si fosemos gatos , cans ou cabalos...
 - Desprazarse sobre o ventre como se fosemos serpes , crocodilos, como se fosen carriños e arrastrámoslos.
 - Subir e deslizarse por un banco, subir gabeando como se fosemos bombeiros, ou montañeiros... e despois deslizarse cara abaixo como por un tobogán.
 - Xirar sobre si mesmos tendidos boca arriba e con brazos estendidos, como si fosemos troncos que aboian no río. Os brazos serán as ramas así que non se

poden dobrar porque romperían. Outro neno ou maior pode arrastrar dun lado o outro do cuarto .

- Camiñar amodo coas pernas rectas e cambiar a dirección cada vez que soe unha palmada, ou un son, como si fosen robots. Un neno pode ser o dono e outro o robot. Despois cambiarán o papel.
- Camiñar amodo ou de presa, pararse ou continuar coa marcha segundo as indicacións que outro lle de, como si fosen coches e se encontraran cun stop, ou un semáforo... Ou como si fóssemos cargados con paquetes e tivéssemos que ir máis a modo...
- Camiñar en diferentes posicións sen perder o equilibrio.
- Correr unha distancia determinada adoitando unha boa postura (cos brazos pegados o corpo, ou sen dobrar os xeonllos...)
- Brincar de diferentes formas (como un canguro, “ saltar un río...)
- Con catro ou cinco anos, podemos pedalear: imos a facer “carreiras de triciclo”, andando cos pés no chan primeiro, para pasar despois ao pedaleo, vencendo a presión dos pedais.

4. Actividades para mellorar o equilibrio estático e dinámico e conseguir un maior axuste postural:

- Xogar e manter diferentes tipos de equilibrio estático ou dinámico: Agora somos “ personaxes de circo”: equilibrista que andan por unha corda fina no chan, saltar por enriba da corda, pallasos que se suxeitan cunha perna sen caer; ananos que andan con pasiños cortos...
- Manter o equilibrio nas puntas dos pés sen moverse durante 6 segundos.
- Camiñar nas puntas dos pés sobre liñas pintadas no chan.
- Camiñar sobre os talóns e quedarse uns 6 segundos quietos sobre os talóns.
- Camiñar a “pata coxa” e quedámonos quietos con unha perna levantada “ como si fosemos flamencos nun estanque”.
- Quedarse de pé durante 10 segundos cos brazos pegados o corpo primeiro, e logo en diferentes posicións.
- Camiñar sobre liñas rectas ou curvas , pintadas no chan un pé por diante do outro, a saltos, amodo....
- Sentados nunha silla, manter o equilibrio levantando os pés e as mans, logo cos brazos na cabeza, un brazo enriba e outro en baixo...
- Poñer diferentes obstáculos : xogar as “carreiras” pero unhas veces saltando cos pés xuntos de aro en aro, gateando e pasando por debaixo doutros compañeiros, nas puntas dos pés seguindo unha liña....

5. Actividades para mellorar a precisión e a destreza manipulativa:

- Debuxar circunferencias no aire con ambos brazos a vez, logo cun só. Primeiro nunha dirección, e despois noutras, “como se fosemos muíños de vento”.
- Facemos exercicios coas bonecas en todas as direccións , levantando, dobrando

- ou estirando os brazos, “como as ondas no mar”.
- Facemos exercicios cos dedos: golpeamos os dedos dunha man na palma doutra “como si fosen gotas de choiva”. Primeiro dun en un, despois de dous en dous... Pódese golpear na man ou en calquera outra parte do corpo.
- Imos de visita: cada dedo acercase a ver os seus amiguiños, os outros dedos, e saúdanse: ola son índice, ¿como te chamas? chámome polgar, e este é corazón....
- Pódese facer o mesmo exercicio co índice mollado nunha cor e que ao saudar aos seus amigos vai pintandoos...
- Xogaremos a ver que poden ser as nosas mans : unha pinza que colle cousiñas pequenas, e moi finas e suxeitas ou cambias de sitio
- Tamén pode ser unha pala: que arrastra obxectos, recolle pelotas que me tiran, intento collelas, podo lavar a cara recollendo auga
- Combinar movementos dunha man cos doutra: “ tocamos o tambor cunha man e o piano coa outra man”.
- Actividades que potencien a presión: facer ocos na plastilina para encheles con boliñas, picar un debuxo sobre unha alfombriña, moldear figuras sinxelas e expoñelas....

6. Actividades para mellorar o control e a coordinación visomanual:

- Seguiremos coa vista ás persoas que se moven polos diferentes espazos ou movementos que se fan no aire. Sentados e sen movernos, seguir aos compañeiros cando bailen, mirar os movementos na parede da luz dunha lanterna, mirar diferentes puntos da sala.
- Repasaremos co dedo índice diferentes contornos: un conto, as propias mans, un coche de xoguete, unha boneca, o corpo dun amigo... sen afastarse dos bordes.
- Poñéndose a certa distancia, pedirlle ao neno que nos lance unha pelota, de diferentes tamaños con ambas mans. Unhas veces levantando os brazos por enriba da cabeza, outras cos brazos abaixo, a altura dos codos...
- Cando os nenos teñan catro anos, tirarán a pelota intentando que de un bote no chan e recolléndoa. Podemos movernos polo espazo da sala.
- Agora tiramos a pelota a un compañeiro dando un bote no chan antes de recollela.
- Trataremos de coller a pelota despois dun bote no chan, con ambas mans .
- Lanzaremos a pelota a un compañeiro mentres andamos pola sala. Nos tamén intentaremos recollela con ambas mans cando no la lancen mentres paseamos. (nenos de 5 a 6 anos).
- Lanzaremos a pelota a un lugar determinado como os xogadores de baloncesto.
- Faremos colares de cores, metendo pezas de diferentes formas nun cordel , goso na primeira etapa, e cada vez máis delgado .
- Encaixaremos pezas en pivotes.
- Faremos construcións, torres, pontes, trens con pezas encaixables ou non,

intentando que non caian ou se destrúan.

- Faremos crebacabezas ou xogos onde teñamos que encaixar unhas pezas con outras ou cada unha no seu oco.

7. Actividades para potenciar os grafismos de maneira axeitada:

- Comezaremos desenvolvendo a mobilidade nos ombreiros, logo nos cóbados, logo no pulso e por último nos dedos. Debemos ter en conta que se non permitimos que o neno madure de maneira axeitada e comezamos moi cedo a pintar e debuxar en espazos pequenos, seguramente existirán dificultades .
- Unha vez que o neno comeza a dominar a súa man e pode facer moitas cousas cos dedos, comezaremos pintando nun plano amplo onde o neno este de pé.
- Primeiro pintaremos cos dedos e cara diferentes direccións, logo cun pincel grosso e varias cores, e logo cun pincel máis fino.
- Cando xa teña bo manexo nesta posición entón pódese comezar a pintar nun plano horizontal, deitado boca abaixo ou sentado para que apoie os cóbados, pero igualmente nun plano amplo, cando o neno xa se manexe ben entón pódese comezar a poñer límites: folio, papel punteado...
- Actividades que potencien a coordinación visomanual a través de actividades da expresión gráfica como: colorear personaxes coñecidos, picar formas sinxelas, pintar con pintura de dedos e expoñer...

8. Actividades de ritmo:

- Realiza 4 movementos co corpo mentres escoitamos un son e modificando a velocidade segundo sexa o son. Comezaremos seguindo o son dun pandeiro ou das palmas, diferenciando só entre un ritmo lento e un ritmo rápido.
- Aprenderemos tamén a controlar os nosos movementos, si cando nos estamos movendo por toda a sala, sona unha palmada e debemos quedar quietos tal e como estamos. Ou si cando está soando a música, parase de repente e nos tamén.
- Elixir un movemento para cada son que escoitemos e despois movernos segundo o instrumento que soe.
- Con nenos máis maiores poderemos comezar a transcribir os sons e a súa duración a través de: liñas longas para sons continuados, liñas curtas para sons máis curtos, puntos para golpes secos...
- Debemos tamén ensinalle a seguir ritmos “escritos” coas palmas, o movemento de instrumentos....
- Recordar unha serie de melodías seguidas e repetilas na mesma orde, bailando, tocando palmas....
- Bailar seguindo a música, con todo o corpo, só cos brazos, só coa cabeza, cos pés...

9. Actividades para o control da respiración:

- Realizar actividades de canto: ensinar diferentes cancións, ensinándolle a tomar aire antes de comezar e ir soltándoo pouco a pouco.
- Deitados no chan, comprobar cómo sube e baixa a tripa o entrar o aire.
- Ensinarlle a respirar fondo cando están enfadados para axudarlle a relaxarse.
- Respirar facendo ruído/ respirar en silencio.
- Respirar polo nariz / respirar pola boca
- Utilizar exercicios de inspiración e expiración tanto bucais como nasais, así como reter a inspiración e a expiración.

SINAIS DE ALARMA. DO DESENVOLVEMENTO MOTOR E PERCEPTIVO

- **Anda de xeito moi torpe e descoordinado.**
- **Non quere andar, queixase de moito cansazo.**
- **Tremor continuado e acusado.**
- **Movimentos dubitativos ou pouco seguros.**
- **Non mide as distancias e soe chocar cos obxectos ou persoas.**
- **Dá respostas esaxeradas a mobilizacións moi sinxelas.**
- **Manifesta gran ansiedade ante calquera situación que require equilibrio.**
- **Non lle gustan os xogos de movemento, nin balancearse, subir ou baixar dun tobogán ou escaleiras con apoio.**
- **Cae con moita frecuencia .**
- **É moi irritable e asustase en exceso cos ruídos ou as luces fortes.**
- **Ten a respiración fatigosa ou ruidosa ante calquera exercicio.**
- **Acercase moito os obxectos para miralos.**
- **Estrabismo non detectado previamente.**
- **Ten dificultades para seguir os obxectos visualmente.**
- **Non responde a obxectos sonoros, nin reacciona a ruídos coñecidos.**
- **Non segue o ritmo sinxelo.**
- **Non realiza pinza dixital (índice - polgar).**
- **Non pode encaixar pezas sinxelas ou faino con moita dificultade.**
- **Non pode rachar o papel.**
- **Non progresa nos seus garabatos ou apenas notase o trazo.**
- **Ten dificultade para coordinar ollo e man e non consegue axustar a pintura o debuxo, non pode continuar a liña de picado, é incapaz de repasar trazos sinxelos....**

Estes signos teñen carácter orientativo e para evitar falsas alarmas, e conveniente que se dean a lo menos dúas destas situacións, ou consultar especificamente co seu pediatra ou especialista.

PAUTAS EDUCATIVAS

DESENVOLVEMENTO COGNITIVO

- Proporcionar materiais e xogos que permitan a experimentación e sobre os que poida investigar buscando os seus mecanismos e diferentes posibilidades de uso, estimulando a creatividade do neno e valorando as súas creacións.
- Dar información o neno sobre os obxectos , e os espazos nos que se move de xeito que os recoñeza e aprenda a súa funcionalidade, e as propiedades.
- Partir dos seus intereses , observando cómo pasa o tempo e o que máis lle gusta facer, para pouco a pouco ir introducindo actividades que queremos potenciar.
- Estimular o neno a recoñecer diferentes sensacións, texturas, temperaturas..
- Potenciar a posibilidade de imitar accións cotiás, seguindo a súa secuencia tanto no tempo real como a través do xogo simbólico.
- Aproveitar accións cotiás para favorecer o seu desenvolvemento cognitivo . Por exemplo: recoller os xoguetes poñendo cada peza no seu sitio, repartir algo entre os membros da familia...
- Proporcionar o neno xogos de encaixables, puzzles, pezas para clasificar...
- Potenciar a consecución de ordes, por exemplo: mediante encargos, recados, ampliando a orden e o tempo entre a indicación e a realización.
- Coñecer os conceptos que se están traballando na aula e reforzar con información os mensaxes nos que se introducen outros conceptos.

RAZOAMENTO .

1.- Actividades favorecedoras do desenvolvemento cognitivo.Observar- Comparar

- Encontrar semellanzas e diferenzas entre os obxectos, como paso previo a clasificación.
- Asociar obxectos por unha variable : o mesmo tamaño, a mesma forma, o mesmo cor...
- Comparar tamaños , cores ou formas diferentes entre si .
- Encontrar elementos iguais ou semellantes entre dous debuxos aparentemente distintos.
- Encontrar diferenzas entre dous debuxos aparentemente iguais: o contrario buscamos as que sexan distintas ante debuxos que representan unha situación aparentemente igual, buscar as diferenzas.
- Unir símbolos iguais (números, letras...)
- Unir ou separar símbolos por algunha característica común.

2.- Actividades favorecedoras do desenvolvemento cognitivo. Clasificar:

- Agrupar xoguetes ou obxectos polas súas características : coches con coches, bonecas con bonecas, peluches con peluches...
- Agrupar tendo en conta unha, dúas , tres características por separado ou combinadas : color, forma, tamaño (nomear todos os obxectos de cor amarela...
- Separar elementos entre varios que teñen a mesma categoría: longos, lixeiros,

vermellos... e o seu contrario.

- Clasificar de maneira progresiva os elementos de grande a pequeno; de máis a menos...

3.- Actividades favorecedoras do desenvolvemento cognitivo. Relacionar:

- Buscar obxectos, pezas semellantes na súa forma, cor, tamaño, posición.
- Unir obxectos por categoría . Exemplo: Presentamos o neno un debuxo e pedímoslle que nos indique os que: Serven para o mesmo, están feitos co mesmo material, Propios da situación (campo, cidade, colexio, habitación...)
- Unir obxectos ou debuxos que teñen algunha relación . Exemplo: o can – coa casa do can...
- Buscar o obxecto ou debuxo que non ten relación cos que están o lado.

4.- Actividades favorecedoras do desenvolvemento cognitivo. Seriar:

- Realizar series de obxectos diferentes : pelota- aro, pelota – aro... Pedímoslle o neno que faga unha fila alternado os obxectos que lle indicamos.
- Facer series de gomets polas súas características: cor, forma, tamaño.
- Series con símbolos (números, letras...)

5.- Actividades favorecedoras do desenvolvemento cognitivo. Ordenar:

- Ordenar según o tamaño de grande a pequeno, ou viceversa.
- Ordenar en función da súa posición(primeiro, segundo...).
- Ordenar viñetas con imaxes que representen unha historia corta . O número de viñetas e amplitude da historieta irá variando en función da idade..

ATENCIÓN .

- Dirixir a mirada ata o obxecto ou persoa de atención.
- Iniciar e rematar sempre o que se empeza . A magnitude da tarefa de mantemento da atención variará en función da idade do neno/a e é o adulto.
- Xogos de imitación , de cancións, de xestos, de actividades que se dan a diario..
- Buscar erros en un debuxo.
- Buscar debuxos escondidos nun fondo.
- Rematar un debuxo, completando as partes que lle faltan.
- Completar un todo con partes de este: puzzles, rompecabezas...

MEMORIA .

- Recoñecer obxectos habituais do entorno no que se move.

- Recordar nomes diferentes de obxectos ou persoas: Ex: nome dos compañeiros da clase, nome de familiares...
- Recordar encargos de un día para outro.
- Recordar cancións, contos...

SINAIS DE ALARMA. DESENVOLVEMENTO COGNITIVO

- O neno/a non é capaz de identificar obxectos en unha lámina que representa unha situación coñecida (3 anos).
- Dificultade para agrupar cores e / ou formas ou copiar trazos ou figuras moi sinxelas (4 anos).
- Dificultade para agrupar símbolos , con modelo (5 anos).
- Dificultade na comprensión de ordes de acción con obxectos : por exemplo: “ colle o conto”, ou “ dáme o conto e a boneca” (3 anos).
- Dificultade na interiorización de conceptos como: os cores básicos e os tamaños (4 anos).
- Dificultade na comprensión de instrucións de dúas accións Ex: colle o libro e déixao na mesa (4 anos) ou encargos moi curtos (5 anos).
- Non é capaz de asociar imaxes a obxectos, sabe identificar cada cousa por separado, pero non é capaz de establecer unha relación entre eles (3 anos)Ex: non é capaz de unir a culler real co debuxo da culler.
- Dificultades para realizar asociacións seguindo un criterio de funcionalidade ou de categoría(4 anos).
- Non completa un todo, ou dificultades para construír un puzzle de 2- 4 pezas (5 anos).Non reparte os xoguetes , diferenciando por exemplo pezas de construción e encaixables de un puzzle (3 anos).
- Inicia xogos pero non se observan accións consecutivas referidas a este.
- Non realiza unha serie e non sabe cál vai antes e despois seguindo un modelo (4 anos).
- Non diferenza entre o que se fai pola mañá e pola noite (5 anos).
- Pasa intermitentemente de un xogo a outro sin realizar un xogo concreto sobre ningún xoguete ou sen obxectivo concreto.
- O neno/a non discrimina entre os estímulos esenciais e os menos importantes, dirixindo a súa atención a todos eles de maneira indiscriminada.
- Non mira os materiais ou xoguetes sobre os que está actuando.
- Comeza pero non remata ningunha actividade.
- Non executa unha orde dúas veces consecutivas (3 anos).
- Non segue ordes de dúas accións (4 anos).
- Non aprende cancións e pequenas frases (5 anos).

Estes signos teñen carácter orientativo e para evitar falsas alarmas, e conveniente que se dea a lo menos dúas destas situacións, ou consultar especificamente co seu pediatra ou especialista.

PAUTAS EDUCATIVAS

ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE

- Traten de falar sempre DE FRENTE e a unha distancia prudencialmente curta.
- Fale sempre AMODO E CLARO, sen precipitación e nerviosismo
- Falarlle dende lonxe e cando nos está dando a lombo NON serve de nada, xa que o non vernos non pode imitar as nosas vocalizacións
- Sempre que se dirixa o neno/a, trate de utilizar un VOCABULARIO FAMILIAR, con palabras coñecidas, referidas a obxectos e persoas do seu entorno cotiá.
- Fale CO SEU FILLO sempre que teña ocasión. Non escatime esforzos , aínda que lle poida parecer que o neno/a non está entendendo. É fundamental falarlle.
- Non utilice expresións sofisticadas ou moi rebuscadas , trate de FALAR DE MANEIRA SINXELA, con frases curtas e comprensibles para o neno/a.
- Se trata de falar CO neno/A, deben de participar ambos no diálogo
- Dálle o teu fillo a OPORTUNIDADE DE EXPRESARSE, aínda que non se lle entenda moito o que dí.
- Non realice CORRECIÓNS DIRECTAS cando o neno/a diga mal algunha palabra.
- Fágao de maneira INDIRECTA, repetindo correctamente e de maneira natural, a palabra que acaba de dicir. De esta maneira evitaremos a frustración e o complexo que podería ter o neno/A debido a maneira de falar.
- A linguaxe é unha facultade que non se desenvolve por si soa. O neno/a debe aprender a falar de maneira natural, na medida en que interactúa co entorno social.
- A nosa intervención na actividade comunicativa do neno/a debe enriquecela, dándolle ideas, suxeríndolle outras alternativas ou participando das súas iniciativas.
- As nosas mensaxes verbais deben de ser o menos directivas posibles, para favorecer o incremento das intervencións do neno/a.
- É esencial para a adquisición da linguaxe unha actitude comunicativa positiva e estimulante máis que o nivel lingüístico do entorno no que se produce.
- neno/A vai construindo a linguaxe de maneira activa e precisa que poñamos o seu alcance todos os medios para que o consiga.
- É importante identificar tanto as condutas verbais como as non verbais do neno/a, para poder introducir respostas que favorezan a comunicación facéndoa máis fluída.
- Debemos crear situacións comunicativas buscando momentos, espazos, lugares nos que compartir xogos, experiencias, sentimentos e todo tipo de actividades que favorezan a conduta comunicativa do neno/a. Por exemplo: podemos utilizar obxectos caseiros da vida cotiá; libros de imaxes, contos; escoitar e inventar cancións xuntos; xogar o veo- veo, a dicir retahílas, poesías...

- Temos que axustar o noso linguaxe cando nos comunicamos co neno/a: Exemplo: Adecuar o tamaño e a dificultade das mensaxes a idade; evitar enunciados desordeados; aprender a respetar o turno de palabra; non responder po el/ela,deixar que se exprese sen medo,con naturalidade.

Algunhas ideas para xogos e exercicios.

Non canse o neno/a con exercicios,respete as súas necesidades e as súas demandas.

Traballe xogando. O neno/a non debe percibir os exercicios como un sacrificio ou un castigo por falar mal.

Reforce o seu fillo/a de maneira positiva cando consiga facer ben algún dos exercicios propostos: sonríelle, faille caricias, dálle un caramelo...

Non estes máis de 20 minutos co neno/a en cada unha das sesións.Emplear máis tempo podería cansalos a ambos.

Marque con unha cruz cada un dos exercicios que consiga facer ben o neno/a para facer un seguimento axeitado dos progresos que consigan

Non se desanime si fracasa en algún intento e un traballo que require tempo e boa doses de paciencia.

1- Exercicios coa lingua.

- Dobrar a lingua cara atrás.
- Dobrar a lingua cara diante.
- Dicir adeus coa lingua movéndoa de dereita a esquerda.
- Intentar tocar coa lingua a barbilla e a narís.

2- Exercicios coa beizos.

- Cos beizos xuntos impedir que pase un dedo.
- Beber zume,leite,auga.. con unha pajita.
- Teclear cos dedos os beizos do neno/a.
- Atrapar obxectos cos beizos.
- Sorrir,poñerse serios,dar bicos.

3- Exercicios de soplo:.

- Soprar en todas as direccións: o flequillo,a barbilla,orella dereita..
- Tocar o silbato.
- Soprar con tubos.
- Soprar confetis, macarróns,fideos.

- Conducir boliñas de papel..
- Facer pompas de xabóns.

4- Exercicios coa audición.

- Oír música,bailar,cantar..
- Nomear obxectos sonoros da casa, da calle.
- Debuxalos e pintalos.
- Buscar obxectos sonoros en revistas, libros...
- Dicir sons agradables, que nos gustan.

PAUTAS EDUCATIVAS

DESENVOLVEMENTO SOCIAL

- Establecemento por parte do adulto de relacións de afecto e esixencia que dea referencias de conduta clara e estable, para que o neno/a elabore un comportamento axeitado. Nin sobreprotección, nin esixencia excesiva.
- Evitar a dicotomía no trato cara o neno/a entre os pais, así como entre pais e coidadores ou mestres. No caso de existir esta dicotomía o neno/a acercarse sempre a aquel do que consiga o que quere en cada intre.
- Ofrecerlle modelos de conduta axeitados. Posto que o neno/a “ aprende o que vive”.
- Favorecer a asunción de unha imaxe positiva de si mesmo mediante o recoñecemento e reforzo das súas actitudes positivas.
- Regular os seus impulsos e a esixencia de premura ante as súas demandas, mediante “ tempo de espera”.
- Controlar as condutas inadecuadas ofrecéndolle alternativas axeitadas e evitando que actúe en función dos seus caprichos. Non esquecer reforzar o seu bo comportamento e facerlle consciente de todo canto faga de maneira axeitada.
- Evitar caer sempre na mensaxe negativa e de prohibición, pois se isto se converte en rutina perde o seu suposto “ efecto”.
- E importante que qa actitude do adulto sexa sempre de escoita activa, respondendo as súas preguntas, demostrándolle que todo o seu nos interesa.
- Dedicarlle tempo de atención exclusiva, xogando, falando, interesándonos polas súas cousas, vendo a televisión xuntos, ...co fin de que as súas necesidades de atención e afecto estean satisfeitas e non busque chamar a atención con condutas inadecuadas.
- Posto que o grupo de iguais vai cobrando cada vez máis importancia na conciencia social do neno/a, e moi importante que os pais manteñan unha actitude de interese por estes, dando a entender o neno que se toma en serio todo o que concirne os seus amigos.
- Recordar que os conflitos entre nenos /as son pasaxeiros e evitar entrometerse salvo nos casos graves e que supoñan unha situación de

inestabilidade emocional para o neno/a. Aspecto ante o cal e preciso estar alerta.

1.-Desenvolvemento emocional e creación de vínculos:

- Incorporar a expresión de emocións cando se fale co neno/A, para dar modelos axeitados sobre este tipo de expresións. Contarlle experiencias do adulto facendo referencia a como “ se sinte” neses intre.
- Ensinalo a expresar as súas necesidades con claridade. En ocasións o neno/a ten dificultades para estas expresións xa que nin el sabe con claridade o que quere. Nesta situación e o adulto quen lle axudará a recoñecer as súas sensacións a través de preguntas que lle fagan consciente do que quere e porqué.
- Ensinarlle a compartir información cos seus iguais .
- Que o adulto axuste sempre as súas esixencias o nivel e capacidades do neno/a. Non pedirlle máis do que pode facer,nin infravalorar as súas capacidades.
- Facelos sentir importantes e útiles nos distintos contextos,a través dos encargos do reforzo positivo.
- Crear expectativas positivas cara o neno/a e as súas posibilidades.

2.- Conformación do coñecemento e da conduta social:

- Ensinalo a manter o orden na súa habitación,recoller a roupa,recoller os xoguetes...
- Pedirlle axuda en tarefas difíciles,colaborar en poñer a mesa, levar a roupa sucia o seu sitio...
- Ensinalo a respetar as cousas dos demais.
- Potenciar a autonomía nos hábitos persoais,hixiene,alimentación,vestido...
- Ensinalo a obedecer cando se lle indica algo,reforzando sempre o seu comportamento.
- Ensinalo a compartir.
- Corrixir cando interrompa os demais.
- Ensinarlle saúdos e normas de cortesía(hola,adeus,por favor...)
- Esinarlle a pedir desculpas ante o seu mal comportamento. Primeiro facelo consciente do seu mal comportamento,xa que moitas veces senón o facemos ver,eles pensan que a súa conduta e axeitada nese intre. Unha vez comprendido,ensinaránselle fórmulas de recoñecemento e desculpa ante o outro.
- Ensinarlle a dicir “non” de maneira axeitada ,sen enfados e xustificando dentro das súas posibilidades a súa negativa.
- Fomentar o contacto con outros nenos/as en situacións non dirixidas: Parque,piscina,.....
- Organizar actividades como excursións,merendas con outros nenos/as (primos, compañeiros..)

- Permitir que comparta cos amigos os seus xoguetes na casa, invítalos a comer, o cumpríanos, cambiar xoguetes...
- Permitir que acuda as invitacións que lle fagan, ensinándolle así a compartir e respetar as súas cousas e as dos outros.
- Ensinarlle a respetar o turno.

SINAIS DE ALARMA . DESENVOLVEMENTO SOCIAL

- Permanece aislado continuamente, rexeita ou é rexeitado polos compañeiros .
- Ten grandes dificultades para respetar as normas e seguir as rutinas cotiás mostrando negativismo continuo.
- Mostra cambios de humor importantes, sen motivo aparente; pasa da risa o choro con facilidade; enfadase e ten reaccións explosivas desaxustadas a situación.
- Cústalle establecer relación coas persoas do seu entorno. Non ten iniciativa para a interacción nin responde a iniciativa de outros, observándose actitudes de retraemento ou de tipo agresivo.
- Non expresa os seus desexos e sentimentos de maneira axeitada, continuas manifestacións de enfado, tristura, rechazo...
- Non se observa xogo simbólico, ou imitación de roles dos adultos.
- Ten continuas manifestacións de agresividade que se observan tanto na súa relación con outros nenos/as como na elaboración do seu xogo simbólico.
- Chama a atención do adulto mediante condutas inadecuadas. En ocasións o neno/a demanda atención e non lle importa a maneira de obtela, utilizando o seu mal comportamento para que o adulto se centre nél.

Estes signos teñen carácter orientativo e para evitar falsas alarmas, e conveniente que se dea a lo menos dúas destas situacións, ou consultar especificamente co seu pediatra ou especialista.

PAUTAS EDUCATIVAS

DESENVOLVEMENTO PERSOAL.

- É o marco da organización familiar onde deben establecerse as NORMAS de conduta básicas para a convivencia e que regulan o comportamento persoal e social dos seus membros, dende pequenos. Son os pais quen as establecen.
- Os pais debemos aportar un MODELO axeitado que o neno/a poida IMITAR e seguir. A través del non só lle ensinamos uns hábitos senón que tamén lle transmitimos ACTITUDES que van a conformar un estilo de vida; ser ordenado, asumir responsabilidades, valerse por si mesmo.
- É importante que a familia VALORE e así llo demostre o neno/a, os seus avances no proceso de adquisición da autonomía persoal e maduración. e dicir, utilice o reforzo positivo.
- O marco máis axeitado para que o neno/a aprenda uns hábitos de autocoidado axeitados a súa idade é o da ESIXENCIA versus AFECTIVIDADE E PROTECCIÓN. É preciso que se sinta querido e seguro.
- Os bos e malos hábitos alimenticios, de descanso... adquirense dende moi pronto e son duradeiros.
- Para instaurar un hábito é imprescindible establecer unhas rutinas e manter uns horarios relativamente fixos.
- En ocasións podemos recorrer a asociar unha actividade que sabemos que non lle gusta moito facer con outra que lle resulta gratificante.
- Sempre debe procurar manterse una línea de actuación coherente entre o que se espera de el no contexto escolar e no familiar, a fin de non desorientalo con contradicións. A mellor maneira de conseguilo é establecendo unha boa comunicación entre a familia e a escola.
- Esta mesma coherencia é desexable entre todos os membros da familia que interactúan con neno/a : pai, nai, avós... a hora de esixirle determinadas responsabilidades.

SINAIS DE ALARMA. DESENVOLVIMENTO PERSOAL

- De maneira reiterada levantase sonámbulo,ten pesadelos ou terrores nocturnos.
- Esperta moitas veces pola noite,e pasase habitualmente a cama dos pais e négase a durmir só.
- Rexeitamento persistente da comida.
- Inapetencia non esporádica.
- O finalizar os tres anos non adquiriu o control dos esfínteres diúrno.
- Dos cinco os seis anos non adquiriu plenamente o control de esfínteres diúrno e nocturno.
- Nunca amosa inciativas ante o vestido,comida,aseo..
- Non soe pedir axuda cando o precisa.
- Negación sistemática a colaborar no seu vestido,aseo...
- Dependencia esaxerada do adulto para executar calquer actividade en todos os contextos.
- Relativamente autónomo no colexio, moi dependente na casa.
- O finalizar os tres anos non se ispe só.
- Os catro anos non colabora no vestido poñéndose algunha prenda.
- O finalizar os catro anos non come por si só.
- O rematar os cinco anos non se viste só.

Estes signos teñen carácter orientativo e para evitar falsas alarmas, e conveniente que se deu a lo menos dúas destas situacións, ou consultar especificamente co seu pediatra ou especialista.